



MEMORIA DA ANPA

CURSO 2022-2023

No curso actual na ANPA Burgo das Nacións levamos a cabo diversas actividades,

As máis importantes, por ser cun fin de conciliación, son as actividades extraescolares, que se levan a cabo durante todo o curso de luns a venres de 16:00h ata 18:30h.

As actividades son :

Baloncesto	Ballet	Manualidades
Patinaxe	Teatro	Xadrez
Atletismo	Judo	Baile Moderno
Tenis de mesa	Esgrima	

Ademáis de estas actividades fixas, temos ó longo do curso algunha organizada pola ANPA como o Magosto, no cal participamos co 50% do valor das castañas, asándoas e repartíndoas ós nenos e profesores .

Outra actividade é a Obra de Nadal, no cal escenificamos unha obra inventada por nós, os membros da anpa e pais e nais voluntarios, e ó finalizar regalamoslle ós nenos unha árbore en semilleiro, para que a cuiden e a poidamos prantar na primaveira no que será a convivencia estrela de familias da comunidade educativa do CEIP de Vite.

A plantación das Árbores, un sábado reúnen as familias no cole, para ir camiñando ata o Pedroso, donde plantaremos as árbores que levamos cuidando dende nadal, coa posibilidade de quedar a comer e facer unha convivencia de un día no monte cos amigos do cole.

Carnaval, tendo en conta o tema central do ideario do cole , a ANPA , promove a participación dos pais no desfile do cole , disfrazándose e bailando para os nosos fillos coma unha comparsa máis do cole.

Festa de fin de curso, a ANPA e a profesora de educación física, organizan e levan a cabo unha serie de talleres e xogos, coa axuda de nais e pais voluntarios, no que participan tódolos nenos do cole e as súas familias.

ENAPA, é unha actividade proposta polo cole e promovida pola ANPA que consta de unha serie de charlas e talleres de temáticas moi interesantes e que están pensadas para axudar ós pais cos problemas da crianza na franxa de idade que nos corresponde.

No próximo curso propúxose celebrar o Samaín e unha saída á neve que no curso pasado non puido ser por mor da meteoroloxía.

CURSO 2022-2023.